

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Anuncio convocatoria subvencións

ANUNCIO

Mediante resolución da Alcaldía do 20/09/2017 foi acordado realizar a convocatoria pública e aprobar as bases para a concesión das subvencións correspondentes a entidades sen ánimo de lucro e comisións de festas do Concello de Abegondo.

ASUNTO: APROBACIÓN CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS SUBVENCIONES ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO E COMISIONS DE FESTAS ANUALIDADE 2017

EXPEDIENTE: 2017/G003/000460

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Concello de Abegondo é consciente de que as entidades sen ánimo de lucro desempeñan un papel fundamental nos diversos ámbitos da actividade social, contribuíndo a un exercicio activo da cidadanía, representando os intereses dos cidadáns e desenvolvendo unha función esencial e imprescindible no desenvolvemento do concello.

SEGUNDO. A Alcaldía considerou necesario propoñer un sistema de axudas dirixidas as asociacións rexistradas no Concello de Abegondo e así mesmo ás comisións de festas do concello mediante a convocatoria de subvencións ás entidades sen ánimo de lucro e comisións de festas, tal e como recolle a providencia da Alcaldía de data 19/09/2017.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Bases de Execución do Orzamento do Concello de Abegondo

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Foi emitido informe de Secretaría no que se indicaba a lexislación aplicable e o procedemento para convocar e conceder as subvencións.

SEGUNDA. Foi emitido informe de Intervención con data sobre a existencia de crédito para a atención do gasto derivado da concesión das ditas subvencións

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable polo que procede a súa aprobación polo alcalde de acordo co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar a convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro e comisións de festas correspondentes ao exercicio 2017.

SEGUNDO. Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro e comisións de festas correspondentes ao exercicio 2017, cuxo contido íntegro se recolle a continuación:

“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO E COMISIÓNS DE FESTAS ANUALIDADE 2017

1. Normativa de aplicación

A presente convocatoria rexerese, ademais de polas disposicións recollidas nesta, polas bases reguladoras das subvencións municipais comprendidas na base 44 de execución do Orzamento Xeral 2017, que foi aprobado inicialmente na sesión celebrada polo Pleno deste concello o día 22 de decembro de 2016, publicado para exposición pública no Boletín Oficial da Provincia núm. 243 do día 26 de decembro de 2016 e publicada a aprobación definitiva no BOP núm. 17 do 25 de xaneiro de 2017. Así mesmo, réxese pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención

É obxecto das presentes bases regular a concesión mediante concorrencia competitiva, de axudas ás asociacións rexistradas no Concello de Abegondo e ás comisións de festas nas seguintes modalidades:

a. Para actividades realizadas e adquisición de equipamentos realizados polas asociacións no exercicio 2017 e que segundo os seus estatutos lles son propios.

b. Celebración de festas patronais. Enténdense como tales as celebracións do día do patrón da parroquia.

3. Créditos orzamentarios

As subvencións que se concedan con cargo á presente convocatoria seranlles imputadas aos créditos previstos nas seguintes partidas:

a. Subvencións asociacións: aplicación orzamentaria 334.48002 cunha dotación total de 10.000 €

b. Subvencións festas: aplicación orzamentaria 338.48001 cunha dotación total de 3.600 €

4. Requisitos para solicitar a subvención

Serán requisitos para participar nas diferentes modalidades da presente convocatoria os seguintes:

a. Actividades e equipamentos das asociacións:

— Carecer de ánimo de lucro.

— Estar inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións.

— Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Abegondo ou desenvolver actividades de interese para o Concello.

— Non estar incurso/a en ningún dos supostos de prohibición previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e de non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b. Festas patronais:

- Carecer de ánimo de lucro.

- Desenvolver as súas actividades no termo municipal de Abegondo.

- Ter concedido o correspondente permiso do Concello de Abegondo para realizar as festas patronais.

- Non estar incurso/a en ningún dos supostos de prohibición previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e de non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Condicións

a. Cada asociación só poderá realizar unha solicitude de subvención das reguladas na presente convocatoria ademais das previstas para festas patronais.

b. O importe do conxunto de axudas ou subvencións concedidas polas distintas administracións públicas non poderá ser superior ao orzamento presentado da asociación.

c. O importe total da subvención solicitada non poderá superar o 80 % do gasto previsto.

d. Obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención percibida en caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

e. Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos fiscalizadores públicos no exercicio das súas funcións.

f. A falta de presentación da documentación xustificativa no prazo previsto nas presentes bases supón a perda subvención concedida.

6. Documentación

a. Actividades e equipamento das asociacións:

Solicitude en modelo normalizado que estará dispoñible na sede electrónica municipal e no Rexistro municipal (**modelo I023**) e que incluirá:

- Programa da actividade que se vai subvencionar, orzamento total e cantidade solicitada ou descrición do equipamento solicitado, finalidade deste e cantidade solicitada.
- Número de asociados en activo.
- Emprego ou non da lingua galega na actividade da asociación
- Número de inscrición da asociación no Rexistro de Asociacións do Concello de Abegondo
- Declaración de non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 de la Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e de non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración doutras axudas solicitadas e/ou concedidas
- Certificación do acordo de nomeamento dos membros da Xunta Directiva da asociación con expresión do nome, DNI e cargo.
- Certificación bancaria do número de conta a nome da asociación

b. Festas patronais:

• Se o solicitante está constituído como asociación deberá presentar a mesma documentación que a prevista para as subvencións dirixidas ás asociacións (**modelo I023**).

• Se o solicitante non está constituído como asociación deberá presentar a solicitude en modelo normalizado (**modelo I024**) que estará dispoñible na sede electrónica municipal e no Rexistro municipal e que incluirá:

- Programa da actividade que se vai subvencionar, datas, orzamento total desta e subvención solicitada.
- Emprego ou non da lingua galega na actividade da asociación
- Compromiso dos integrantes de realizar a actividade.
- Declaración de non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 de la Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e de non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Declaración doutras axudas solicitadas e/ou concedidas
- Compromiso da persoa representante de dedicar as cantidades subvencionadas á actividade.
- Escrito suscrito polos integrantes da comisión nomeando representante para os efectos de trámites administrativos e de recepción do importe da subvención.
- Certificado da conta bancaria a nome do/a representante da comisión designado para o cobro da subvención

No caso de que as festas patronais sexan realizadas por unha asociación que tamén solicita a subvención para actividades ao abeiro desta convocatoria, deberá presentar a solicitude en modelo normalizado (modelo I025) que estará dispoñible na sede electrónica municipal e no Rexistro municipal e que incluirá:

- Programa das festas, datas de celebración e orzamento de gastos.
- Declaración do/a presidente conforme a asociación foi a encargada de realizar as festas patronais e que toda a documentación relativa á dita asociación foi presentada na solicitude correspondente á convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para actividades e investimento.
- Declaración doutras axudas solicitadas e/ou concedidas

c. No caso de que a documentación non variase en relación coa presentada nas convocatorias anteriores, con base no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non terá a obriga de achegar:

- Certificación do acordo de nomeamento dos membros da Xunta Directiva da asociación con expresión do nome, DNI e cargo.

- Certificación bancaria do número de conta a nome da asociación/representante comisión.

d. De acordo co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, por isto a administración accederá aos datos tributarios e fiscais e da seguridade social co obxecto de consultar que non ten débedas pendentes. Presúmese que a consulta ou obtención é autorizada salvo que conste no procedemento a oposición expresa.

7. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

a. As solicitudes formuladas polas persoas xurídicas deberán ser presentadas a través de medios electrónicos, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As persoas físicas poderán elixir se presentan a solicitude a través de medios electrónicos ou non, de acordo co artigo 14.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A tramitación telemática das solicitudes poderá realizarse a través da sede electrónica do Concello de Abegondo <https://sede.abegondo.es/>, no Rexistro Electrónico Común <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>, ou nos lugares de presentación que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria de subvencións na Base Nacional de Subvencións ata o 31 de outubro de 2017.

b. Se a solicitude non comprendese algúns dos puntos previstos nos apartados anteriores, requiriráselle por escrito ao solicitante para que emende os defectos observados no prazo máximo de dez días, quedando apercibido de que de non facelo así teráselle por desistido na súa petición e arquivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

8. Resolución

A concesión da subvención realizarase en réxime de concorrencia competitiva, por Decreto da Alcaldía logo da proposta da Comisión Avaliadora, no prazo de 15 días desde a finalización do prazo para a presentación de solicitudes. Poderán resolverse por separado as subvencións a asociacións e comisións de festas.

- a. A Comisión Avaliadora estará composta por:

Presidente: José Antonio Santiso Miramontes ou concelleiro no que delegue

Vogal: Francisca Bestilleiro Roel

Vogal: María del Mar Carro López

Vogal: María Isabel Rodríguez López

Vogal: María Beatriz Fernández Vázquez

Secretario: José Antonio Varela Doval

- b. Valoración das solicitudes

- i. Actividades e equipamento das asociacións. Atenderase aos seguintes criterios:

Número de asociados: ata 3 puntos

Interese municipal das actividades: ata 10 puntos

Realización de actividades dirixidas á formación e dinamización no ámbito xuvenil: ata 5 puntos

Emprego da lingua galega: 2 puntos

- ii. Festas patronais

As solicitudes de festas pertencentes a parroquias nas que celebren máis dunha festa patronal percibirán ata 360 € a repartir entre as da parroquia en función da tradición do festexo solicitado.

As solicitudes de festas pertencentes a parroquias que celebren unha única festa patronal percibirán ata 240 €.

c. Notificación: unha vez resolta a convocatoria será notificada a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo <https://sede.abegondo.es/>

d. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán presentarse os recursos que procedan.

9. Xustificación e pago

- a. O prazo para a presentación da documentación xustificativa estará aberto ata o día 5 de decembro de 2017.
- b. Os gastos xustificativos da subvención deben axustarse ás actividades solicitadas.
- c. O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade subvencionada.
- d. A cantidade concedida non poderá ser superior ao 80% da cantidade xustificada.
- e. Se o importe da cantidade xustificada é inferior á cantidade que corresponda aplicando esta porcentaxe, a axuda reducirase proporcionalmente.

e. Documentación que debe presentar:

- Actividades das asociacións:
 - Relación detallada dos gastos, indicando o terceiro, número e data da factura ou documento equivalente, concepto, importe e data do pagamento.
 - Factura/s a nome da asociación ou documento equivalente.
 - Certificación na que se acredite que os gastos xustificados se realizaron nas actividades subvencionadas.
 - Certificación na que se acredite que o importe das axudas públicas ou privadas obtidas para a actividade subvencionada non supera o importe do gasto total que supuxo a actividade.

- Festas patronais:

No caso de que o solicitante estea constituído como asociación seralle de aplicación o exposto para estas.

No caso de que o solicitante non estea inscrito como asociación:

- Relación detallada dos gastos, indicando o terceiro, número e data da factura ou documento equivalente, concepto, importe e data do pagamento.
- Factura/s a nome do/a representante da comisión ou documentos equivalentes.
- Declaración xurada do representante na que se certifique que o gasto reflectido nestas se dedicou á actividade obxecto da subvención.
- Declaración na que se acredite que o importe das axudas públicas ou privadas obtidas para a actividade subvencionada non supera o importe do gasto total que supuxo a actividade.

O pago realizarase no prazo dun mes desde a aprobación da xustificación.

10. Fin da vía administrativa

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o alcalde deste concello, no prazo dun mes que contará dende o día seguinte de recibir a notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña.

Disposición adicional

Para os efectos de salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas deben quedar incorporadas ao Rexistro Público de Subvencións.”

TERCEIRO. Publicar a mencionada convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do Concello, na sede electrónica municipal e un extracto da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo, remitir a documentación necesaria sobre a convocatoria á Base Nacional de Subvencións para darlle publicidade á convocatoria.

CUARTO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O que resolvo e asino, ante min, o secretario da Corporación.

Abegondo, na data que figura na marxe

A alcaldesa accidental

(Res. Alcaldía 401/2017 de 15/09/2017)

Francisca Bestilleira Roel

O secretario

Adrián J. Márquez Caramés

Abegondo, 20 setembro de 2017

A alcaldesa accidental

Francisca Bestilleiro Roel

2017/8019